

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZAOITO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E UN.

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta e cinco minutos do día dezaoto de marzo de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN: 04.02.21

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, aprobou a acta da sesión citada.

2º.- CORRECCIÓN ERRO MATERIAL NO PUNTO 5º DA ORDE DO DAÍA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 21 DE XANEIRO DE 2021.-

Visto o punto 5º da Orde do Día da Xunta de Goberno Local de 21.01.2021.- Expte. de obras 45/2020, no que aparece un erro material no nome do promotor, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acordou a rectificación do erro padecido.

Así, onde di: “Expediente de obras 45/2020.- José Rubén Fernández Conde” debe dicir: “RUBÉN FERNÁNDEZ CONDE”; quedando nos mesmos termos o resto do acordo.

3º.- SOLICITUDE DE AMPLIACIÓN PRAZA EXECUCIÓN OBRA POR SYR-AMG.-

Visto o escrito referencia entrada 202199900000346 de 08.03.21 presentado por José Antonio Gómez Rodríguez, actuando en representación da empresa SYR-AGM SL, adxudicataria da obra “Mellora da seguridade vial en acceso a Ariño (Pantín), expediente contratación n.º 2019/C003/000006 no que solicita unha ampliación do prazo da execución da dita obra, (ata o 12/05/2021), ao non pode rematar no prazo establecido debido ás condicións climatolóxicas adversas sentidas na zona nos últimos meses,

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou acceder á petición do solicitante.

4º.- SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSTADA POR ARTAIZ RODRIGUEZ.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“Vista a instancia de don Artai Rodriguez García, formulada en data 4 de marzo de 2021, rexistro xeral de entrada núm. 533 pola que solicita que se lle conceda licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrita.

Tendo en conta pois, que o solicitante, atópase empadroado neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a don **ARTAI RODRIGUEZ GARCIA** cunha validez de **CINCO ANOS** dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron á interesada como documento acreditativo desta concesión.

Segundo.- Notificar o presente acordo o interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos; debendo constar ao dorso da notificación as obrigas que deben cumprir os titulares da licenza e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

Valdovino, na data da sinatura
O alcalde
Alberto González Fernández
ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE”

A Xunta de Goberno Local aproba, en votación ordinaria e por unanimidade, a licenza de animais potencialmente perigosos transcrita anteriormente.

5º.- AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL POR SITUACIÓNS DE NECESIDADE

“Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de aprobación das axudas de emerxencia social de Dª N.R.T., M.A.G.P. e M.S.F.R. , visto

o informe de intervención do 09/03/2021 e visto o informe técnico da traballadora Elva Mª García Duro, que se transcribe a continuación:

INFORME- PROPOSTA DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL PARA SITUACIÓNS DE NECESIDADE SOCIOECONÓMICA

Elva Mª García Duro, Traballadora Social do Concello, en relación coas demanda presentadas por varias familias usuarias dos Servizos Sociais comunitarios (titulares: **N.R.T., M.A.G.P. e M.S.F.R.**).

INFORMO

*Que foron valoradas polo persoal do departamento as demandas identificadas e comprobada a súa necesidade real.

*Que a situación socioeconómica e familiar das persoas nas que se identifica a necesidade é :

***N.R.T.** familia de cinco membros (tres deles menores de idade) que carece de recursos para a cobertura de necesidades básicas. Con expediente aberto en servizos sociais dende xaneiro de 2020, data na que se trasladan procedentes de Uruguai (xa obtiveron o permiso de residencia tódolos membros). Perceptores de apoio por parte doutros sistemas. En trámites de obtención de ingresos regulares a través del RISGA ou IMV (pendente de resolución). Con expediente aberto no Programa de Educación Familiar municipal. A necesidade actual require de apoiar co pago de aluguer de dous meses que teñen podentes (xaneiro e febreiro de 2021).

***M.A.G.P.:** familia de catro membros (dous menores de idade. Na actualidade, e a raíz da perda de traballo do pai, os ingresos diminuíron sendo estes insuficientes para a cobertura das necesidades básicas (a nai está pendente de resolución por incapacidade laboral). Tras xerar unha débeda ca propietaria da vivenda de varios meses de aluguer e suministros, contactan con servizos sociais para solicitar apoio co pago de aluguer e así evitar un posible desfuizamento. A necesidade actual require de apoiar co pago de aluguer de dous meses (xaneiro e febreiro 201), aínda que insuficiente para cubrir a a totalidade da débeda , chegaron a un acordo para fraccionar as mensualidades restantes.

***M.S.F.R.:** familia de tres membros con escasos ingresos procedentes dunha pensión non contributiva . Aínda que cas necesidades básicas cubertas, teñen dificultades para facer fronte á maioría dos gastos extraordinarios. Con expediente aberto en servizos sociais. Perceptores de apoio por parte doutros sistemas. Con expediente aberto, así mesmo, no Programa de Inclusión. A necesidade actual require de apoio co pago dunha débeda xerada ca Deputación.

Que tal e como se sabe existe crédito dispoñible na partida orzamentaria contemplada para tal fin para facer fronte aos gastos que se propoñen.

PROPOÑO

A aprobación das axudas de emerxencia social propostas:

-Para o caso de **N.R.T.:** conceder unha axuda económica para sufragar o gasto de **aluguer (dous meses) por importe total de 400 € (200 €/meses).**

-Para o caso de **M.A.G.P.**: conceder unha axuda económica para sufragar o gasto de **aluguer (dous meses) por importe de 300 € (150 €/mes).**

-Para o caso de **M.S.F.R.**: conceder unha axuda económica para sufragar o pago da **débeda Deputación por importe de 370,22 €.**

-O gasto total proposto, para as tres familias , ascende a 1070,22 €.

*Unha vez aprobadas as axudas, os alugueres indicados serán **aboados as persoas propietarias das vivendas e os gastos de recibos pendentes de impostos e taxas á Deputación da Coruña.**

PROPOÑO

Á Xunta de Goberno Local a aprobación da concesión das axudas de emerxencia social de N.R.T., M.A.G.P. e M.S.F.R. por un importe total de 1.070,22 destinado a sufragar os gastos aluguer nos dous primeiros casos (N.R.T. e M.A.G.P.) e a liquidar unha débeda ca Deputación no caso M.S.F.R.

Valdoviño, 10 de marzo de 2021
Alberto González Fernández
O Alcalde”

A Xunta de Goberno Local aprobou, en votación ordinaria e por unanimidade, a proposta de emerxencia social transcrita anteriormente.

6º- EXPEDIENTE DA ÁREA DE URBANISMO

PROPOSTA DE ALCALDÍA:

“**Expte. De obras 151/2018 – DAVID GRANDAL PÉREZ.** Para as obras de explotación agraria de produtos ecolóxicos (2 invernadoiros de 400,00 e 150,00 m², alpendre de madeira para almacén de 51,91 m² e peche de parcela). **[REDACTED]** parroquia de **[REDACTED]** en solo clasificado como **SOLO NON URBANIZABLE COMÚN**, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto **Alberto Corral Corral.**

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa , segundo o informe do arquitecto técnico municipal en sentido **CONFORME** coa normativa de aplicación.

Esta **ALCALDIA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción de seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Conceder licenza para construción de obra de explotación agraria de produtos ecolóxicos (2 invernadoiros de 400,00 e 150,00 m², alpendre de madeira para

almacén de 51,91 m² e peche de parcela). [REDACTED] parroquia de MEIRÁS, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros .

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Alberto Corral Corral, colexiado núm. 1544 no COAG e ás condicións sinaladas no informe do arquitecto técnico municipal (Anexo 1:CONDICIONS DA LICENZA) de data 9 de marzo de 2021, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor en expediente de debida forma , xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- APROBAR a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 48,08 € ICIO .-856,25 €

Cuarto.- Aprobar o prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, dende a data de outorgamento da licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 359.2 do RLSG, art. 145.1 da LSG).

Valdoviño,18 de marzo de 2021
O Alcalde,
Asdo.: Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local aprobou, en votación ordinaria e por unanimidade, a licenza para construción de obra de explotación agraria de produtos ecolóxicos.

7º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/18.- PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2021/18 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 3 facturas ascende á cantidade de SETENTA E CINCO MIL CATROCENTOS DEZ EUROS CON NOVENTA E SEIS CÉNTIMOS (75.410,96 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe emitido pola intervención municipal en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2021/18 así como **AUTORIZAR** o correspondente pagamento por importe bruto de 75.410,96 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica
O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. Dixitalmente*)”

Vista proposta de Alcaldía que antecede, así coma a relación das facturas, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou aprobar a proposta.

8º.- DEVOLUCIÓN DE AVAL A NOME DE VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U EN RELACIÓN Á OBRA: “SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO DE AUGA EN RÚA DO POULO E TRAVESÍA DA RÚA DO POULO”.-

DEVOLUCIÓN DE FIANZA

VISTA a solicitude efectuada en data 15/04/2020 por D. Luis Manuel Morón Soto, en representación de VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. de devolución de fianza correspondente á obra de :

“SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO DE AUGA EN RÚA DO POULO E TRAVESÍA DA RÚA DO POULO”, por importe de 2.099,17 euros depositado no ano 2012.

Verificado mediante informe emitido pola Tesoureiría Municipal que o aval atópase depositado a favor da empresa Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia (antes Aquagest) segundo depósito efectuado no ano 2012.

Advertido polos servizos económicos do Concello a carencia de informe da dirección de obra referido ao estado das obras tras o remate do prazo de garantía, aos efectos de verificar si efectivamente corresponde a devolución do aval; en data 13/05/2020 solicitouse á empresa adxudicataria que incorporase dito informe.

En data 20 de xaneiro de 2021 preséntase de novo escrito pola dita empresa indicando que *“Que Viaqua como contratista no dispone del informe del Director facultativo de la obra, no pudiendo facilitar la copia requerida por parte del Concello a través de este escrito. Tal y como podrán comprobar como órgano de contratación en el propio expediente, Viaqua no ha recibido ningún tipo de instrucción por parte del director facultativo para realizar la debida reparación de lo construido y así mismo, el órgano de contratación tampoco ha tenido que ejecutar ningún tipo de reparación sobre la citada obra, como debería de haber sucedido en caso de que este informe fuese desfavorable”*

Visto o informe emitido polo concelleiro de Servizos en data 12/03/2021:

“D. Benito Manuel Vega Fernández, en calidade de Concelleiro de Servizos do Concello de Valdoviño (A Coruña) INFORMA que:

A empresa VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S. A. U. con NIF nº A66141185 executou correcta e adecuadamente a obra de “Saneamento e abastecemento de auga en Rúa do Poulo e Travesía da Rúa Poulo” sen que consten

reclamacións ou incidencias pola execución da devandita obra polo que o contrato de obra foi executado coa satisfacción do Concello e foi amplamente cumprido o prazo de garantía do mesmo.”

Considerando que en data 17 de outubro de 2013 foi recepcionada a obra de “Saneamento e abastecemento de augas en Rúa do Poulo e travesía da Rúa do Poulo” segundo a acta de recepción que consta no expediente. Visto o período de tempo transcurrido no que non constan reclamacións ou incidencias á execución de dita obra en virtude do artigo 102.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a vixente no momento de formalización do contrato: “2. *Aprobada la liquidación del contrato y transcurrido el plazo de garantía, si no resultaren responsabilidades se devolverá la garantía constituida o se cancelará el aval o seguro de caución.*”

El acuerdo de devolución deberá adoptarse y notificarse al interesado en el plazo de dos meses desde la finalización del plazo de garantía. Transcurrido el mismo, la Administración deberá abonar al contratista la cantidad adeudada incrementada con el interés legal del dinero correspondiente al período transcurrido desde el vencimiento del citado plazo hasta la fecha de la devolución de la garantía, si ésta no se hubiera hecho efectiva por causa imputable a la Administración.”

PROPONSE:

DEVOLVER o AVAL citado pola execución da obra: “SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO DE AUGA EN RÚA DO POULO E TRAVESÍA DA RÚA DO POULO”, por importe de 2.099,17 euros depositado no ano 2012.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.
O Alcalde,
Asdo. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente)”

A Xunta de Goberno Local, acordou en votación ordinaria e por unanimidade, aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

9º.- DEVOLUCIÓN DE AVAL A NOME DE VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U EN RELACIÓN Á OBRA: “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE PARAISO A AVIÑO”.-

DEVOLUCIÓN DE FIANZA

VISTA a solicitude efectuada en data 15/04/2020 por D. Luis Manuel Morón Soto, en representación de VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. de devolución de fianza correspondente á obra de :

“Pavimentación do camiño de Paraiso a Aviño”, por importe de 6.820,00 euros depositado no ano 2012.

Verificado mediante informe emitido pola Tesoureiría Municipal que o aval atópase depositado a favor da empresa Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia (antes Aquagest) segundo depósito efectuado no ano 2012.

Advertido polos servizos económicos do Concello a carencia de informe da dirección de obra referido ao estado das obras tras o remate do prazo de garantía, aos efectos de verificar si efectivamente corresponde a devolución do aval; en data 13/05/2020 solicitouse á empresa adxudicataria que incorporase dito informe.

En data 20 de xaneiro de 2021 preséntase de novo escrito pola dita empresa indicando que *“Que Viaqua como contratista no dispone del informe del Director facultativo de la obra, no pudiendo facilitar la copia requerida por parte del Concello a través de este escrito. Tal y como podrán comprobar como órgano de contratación en el propio expediente, Viaqua no ha recibido ningún tipo de instrucción por parte del director facultativo para realizar la debida reparación de lo construido y así mismo, el Órgano de contratación tampoco ha tenido que ejecutar ningún tipo de reparación sobre la citada obra, como debería de haber sucedido en caso de que este informe fuese desfavorable.”*

Visto o informe emitido polo concelleiro de Servizos en data 12/03/2021:

“D. Benito Manuel Vega Fernández, en calidade de Concelleiro de Servizos do Concello de Valdoviño (A Coruña) INFORMA que:

A empresa VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S. A. U. con NIF nº A66141185 executou correcta e adecuadamente a obra de “Pavimentación do camiño de Paraiso a Aviño” sen que consten reclamacións ou incidencias pola execución da devandita obra polo que o contrato de obra foi executado coa satisfacción do Concello e foi ampliamente cumprido o prazo de garantía do mesmo.”

Considerando que en data 3 de outubro de 2012 foi recepcionada a obra de “Pavimentación do camiño de Paraiso a Aviño” segundo a acta de recepción que consta no expediente. Visto o período de tempo transcorrido no que non constan reclamacións ou incidencias á execución de dita obra en virtude do artigo 102.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a vixente no momento de formalización do contrato: *“2. Aprobada la liquidación del contrato y transcurrido el plazo de garantía, si no resultaren responsabilidades se devolverá la garantía constituida o se cancelará el aval o seguro de caución.*

El acuerdo de devolución deberá adoptarse y notificarse al interesado en el plazo de dos meses desde la finalización del plazo de garantía. Transcurrido el mismo, la Administración deberá abonar al contratista la cantidad adeudada incrementada con el

interés legal del dinero correspondiente al período transcurrido desde el vencimiento del citado plazo hasta la fecha de la devolución de la garantía, si ésta no se hubiera hecho efectiva por causa imputable a la Administración.”

PROPONSE:

DEVOLVER o AVAL citado pola execución da obra: “Pavimentación do camiño de Paraiso a Aviño”, por importe de 6.820,00 euros depositado no ano 2012.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde,

Asdo. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, acordou en votación ordinaria e por unanimidade, aprobar a proposta de Alcaldía que antecede

10º.- DEVOLUCIÓN DE AVAL A NOME DE VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U EN RELACIÓN Á OBRA: “ABASTECIMIENTO DE AUGA NO LUGAR DE ATIOS.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA

VISTA a solicitude efectuada en data 15/04/2020 por D. Luis Manuel Morón Soto, en representación de VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. de devolución de fianza correspondente á obra de :

“Abastecemento de Auga no lugar de Atios”, por importe de 1.380,00 euros depositado no ano 2012.

Verificado mediante informe emitido pola Tesoureiría Municipal que o aval atópase depositado a favor da empresa Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia (antes Aquagest) segundo depósito efectuado no ano 2012.

Advertido polos servizos económicos do Concello a carencia de informe da dirección de obra referido ao estado das obras tras o remate do prazo de garantía, aos efectos de verificar si efectivamente corresponde a devolución do aval; en data 13/05/2020 solicitouse á empresa adxudicataria que incorporase dito informe.

En data 20 de xaneiro de 2021 preséntase de novo escrito pola dita empresa indicando que “*Que Viaqua como contratista, no dispone del informe del Director facultativo de la obra, no pudiendo facilitar la copia requerida por parte del Concello a través de este escrito. Tal y como podrán comprobar como órgano de contratación en el propio expediente, Viaqua no ha recibido ningún tipo de instrucción por parte del director facultativo para realizar la debida reparación de lo construido y así mismo, el órgano de contratación tampoco ha tenido que ejecutar ningún tipo de reparación sobre la citada obra, como debería de haber sucedido en caso de que este informe fuese desfavorable.*”

Visto o informe emitido polo concelleiro de Servizos en data 12/03/2021:

“D. Benito Manuel Vega Fernández, en calidade de Concelleiro de Servizos do Concello de Valdoviño (A Coruña) INFORMA que:

A empresa VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S. A. U. con NIF nº A66141185 executou correcta e adecuadamente a obra de “Abastecemento de Auga no lugar de Atios” sen que consten reclamacións ou incidencias pola execución da devandita obra polo que o contrato de obra foi executado coa satisfacción do Concello e foi amplamente cumprido o prazo de garantía do mesmo.”

Considerando que en data 19 de setembro de 2014 foron abonadas as facturas correspondentes ás certificacións nº 1 e 2 e final da citada obra. Visto o período de tempo transcurrido no que non constan reclamacións ou incidencias á execución de dita obra en virtude do artigo 102.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a vixente no momento de formalización do contrato: *“2. Aprobada la liquidación del contrato y transcurrido el plazo de garantía, si no resultaren responsabilidades se devolverá la garantía constituida o se cancelará el aval o seguro de caución.*

El acuerdo de devolución deberá adoptarse y notificarse al interesado en el plazo de dos meses desde la finalización del plazo de garantía. Transcurrido el mismo, la Administración deberá abonar al contratista la cantidad adeudada incrementada con el interés legal del dinero correspondiente al período transcurrido desde el vencimiento del citado plazo hasta la fecha de la devolución de la garantía, si ésta no se hubiera hecho efectiva por causa imputable a la Administración.”

PROPONSE:

DEVOLVER o AVAL citado pola execución da obra: *““Abastecemento de Auga no lugar de Atios”, por importe de 1.380,00 euros depositado no ano 2012.*

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde,

Asdo. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, acordou en votación ordinaria e por unanimidade, aprobar a proposta de Alcaldía que antecede

FÓRA DA ORDE DO DÍA

O Sr. Alcalde plantexa por uxenza o seguinte punto a incluír na orde do día pola necesidade de ter resolto relativo ao Entroido deste ano; ratificando a Xunta de Goberno mediante unanimidade a urxenza.

- INFORME-PROPOSTA FINAL ENTROIDO

INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

“Rita Díaz González, Técnico de Xestión Cultural do Concello de Valdoviño, dacordo coas bases publicadas no BOP do mércores 10 de FEBRERO DE 2021 BOP NÚMERO 27 no que se publica o Anuncio sobre o Entroido do ano 2021 no Concello de Valdoviño **INFORMA**

Que o día 25 de febreiro de 2021 ten lugar no Concello de Valdoviño a reunión do xurado formado por

- Alberto González Fernández, alcalde-presidente do Concello de Valdoviño.
- Rosa Ana García López, concelleira corresponsábel da Área de Cultura do Concello de Valdoviño.
- Daniel Andrés Cartelle Sánchez, traballador animador cultural da Área de Cultura do Concello de Valdoviño

Que atendendo ás bases establecidas na convocatoria “O ENTROIDO EN REDES” o xurado valora as fotografías e vídeos dos concursantes que participaron na celebración do evento a través das redes sociais

Que se presentaron un total de 8 vídeos e 20 fotografías no conxunto de todas as modalidades para os que o Xurado tomou por unanimidade a seguinte decisión :

- **Outorgar 3 Vales cun importe de 50 euros cada un** para consumir en comercio do municipio de Valdoviño, ás tres mellores fotografías na categoría de “Fotografía Individual para Menores de 14 anos” a :

- o Antía Villar Pedre.
- o Iván Villar Pedre.
- o Noah Vilella Seoane.

- **Outorgar 2 Vales cun importe de 50 euros cada un** para consumir en comercio do municipio de Valdoviño, ás dúas fotografías presentadas na categoría de “Fotografía Individual para Maiores de 14 anos” a:

- o Jesús Couce Bouza.
- o Antonio Villarnovo González.

- **Outorgar 3 Vales cun importe de 50 euros cada un** para consumir en comercio do municipio de Valdoviño, ás tres mellores fotografías presentadas na categoría de “Fotografía Grupo Mixto” (convivientes de todas as idades) a:

- o Raquel Cabanas Vellón, Antonio Villarnovo González, Alicia Villarnovo Cabanas e Mario Villarnovo Cabanas.

- o Familia Freire Suárez.: Jacobo Suárez Vilela, Dolores Freire Villar e fillos
- o Erick Casal Novo, Vera Casal Novo, Borja Cobelo Pedre, Tania Cobelo Pedre, Antón Formoso López, Óliver Martínez García, Ian Fernández Morado e Icíá Fernández Morado representados por M^a Jesús Novo.

- **Outorgar 2 Vales cun importe de 100 euros cada un** para consumir en comercio do municipio de Valdoviño, aos dous vídeos presentados na categoría de “Vídeo Individual para Maiores de Idade” a:

- o Roberto Loureiro Méndez.

o Manuela Rodríguez Fernández.

• **Outorgar 3 Vales cun importe de 100 euros** cada grupo para consumir en comercio do municipio de Valdoviño, aos 3 mellores vídeos presentados na categoría de “Vídeo Grupo Mixto” (convivintes de todas as idades) a :

o Matilde Isabel Lamas Díaz, Manuel Lamas Díaz, Andrés Lamas Díaz e Isabel Díaz González.

o Noelia Couce Doce, Diego Couce Doce, Jesús Couce Bouza e Lidia Doce Bouzamayor.

o Borja Cobelo Pedre e Tania Cobelo Pedre representados por Ana Pedre Durán.

Igualmente de acordo coas Bases e ficando desertos un terceiro premio na categoría de Fotografía Individual para Maiores de 14 anos cun vale de 50 euros, así como un terceiro premio na categoría de Video Individual para Maiores de Idade cun vale de 100 euros; o xurado decidiu repartir ese importe de 150 euros en **3 vales de 50 euros cada un** para consumir en comercio do municipio de Valdoviño aos seguintes participantes :

o Nicole Ramallo Cabeiro, participante na categoría de Fotografía Individual Menores de 14 anos representada por Verónica Cabeiro Mengíbar

o Alba Nieto Ameneiros e Miguel Nieto Ameneiros, participantes na categoría de Fotografía Grupo Mixto (convivintes de todas as idades) representados por ángel nieto Martínez

o Marcelino Álvarez e Maribel Loureiro, participantes na categoría de Video Grupo Mixto (convivintes de todas as idades).

PROPONSE :

O pagamento das cantidades indicadas a cada un dos comercios e empresas do municipio elixidas polos destinatarios dos vales para facer cadanseu consumo, previa aceptación por parte das empresas e comercios propostos.

Os interesados disporán das datas comprendidas entre o 20 de marzo e o 30 de setembro de 2021 para executar o vale. O comercio /empresa disporá de circular informativa acerca das persoas destinatarias dos vales, do importe dos mesmos, dos prazos de execución e dos datos de facturación do concello.

Seguidamente se relaciona : Nome do propietario do vale (no caso de menores indicárase o adulto que cursou a solicitude de participación e no caso de grupos contará igualmente o nome da persoa que cursou a solicitude de participación), importe a gastar, comercio ou empresa elixida polo interesado para executar o gasto.

VALES ADXUDICADOS	REPRESENTANTE DO/A MENOR OU REPRESENTANTE DE GRUPO	IMPORTE DO VALE	COMERCIO/ESTABLEC NO CONCELLO DE VALDOVIÑO ELIXIDO POR INTERESADO/A PARA CONSUMO DO VALE
Antía Villar Pedre	Cristina Pedre Durán	50,00 eur	Cooperativa de Meirás
Iván Villar Pedre	Cristina Pedre Durán	50,00 eur	Cooperativa de Meirás
Noah Vilella	Ana Seoane	50,00 eur	Librería papelería Xeila (_Rocío

Seoane	Bouzamayor		López Dopico)
Jesús Couce Bouza		50,00 eur	Librería papelería Xeila (_Rocío López Dopico)
Antonio Villarnovo González		50,00 eur	Librería papelería Xeila (_Rocío López Dopico)
Familia Villarnovo Cabanas	Antonio Villarnovo González ou Raquel Cabanas Vellón	50,00 eur	Mercería Isabel (Inés Castro González)
Familia Freire Suárez	Dolores Freire Villar o Jacobo Suárez Vilela	50,00 eur	Mercería Isabel (Inés Castro González)
Erick, Vera, Borja, Tania, Antón, Oliver, Ian e Icíá	María Jesús Novo	50,00 eur	Pabulandia vir.abad.93@gmail.com
Roberto Loureiro Méndez		100,00 eur	Cooperativa de Lago supermercado@cooperativadelago.es
Manuela Rodríguez Fernández		100,00 eur	Cooperativa de Lago supermercado@cooperativadelago.es
Familia Lamas Díaz	Isabel Díaz González	100,00 eur	Librería papelería Xeila (_Rocío López Dopico)
Familia Couce Doce	Lidia Doce Bouzamayor	100,00 eur	Restaurante "O Castro" ocastro.nuria@gmail.com
Borja e Tania Cobelo Pedre	Ana Pedre Durán	100,00 eur	Cooperativa de Meirás
Nicole Ramallo Cabeiro	Verónica Cabeiro Mengíbar	50,00 eur	Librería papelería Xeila (_Rocío López Dopico)
Alba e Miguel Nieto Ameneiros	Ángel Nieto Martínez	50,00 eur	Librería papelería Xeila (_Rocío López Dopico)
Marcelino Álvarez e Maribel Loureiro		50,00 eur	Cervecería tapería "O Gitano" cerveceriaelgitano@gmail.com

En Valdoviño, 16 de marzo de 2021.
Técnica de Xestión Cultural.
Rita Díaz González"

A Xunta de Goberno Local aprobou, en votación ordinaria e por unanimidade, a proposta transcrita anteriormente.

PARTE DE ACTIVIDADE

11º.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN PARA A SEGURIDADE DO COVID-19.-

Asistentes:

Alberto González Fernández - Presidente

Rosa Ana García López

Sergio Saavedra Gutiérrez

Alejandro Antonio Garcia Sousa

Jessica Sabín Fernández

O Sr. Alcalde sinala que se publicou no DOG 7 de marzo decreto 45/2021 de 17 de marzo da Presidencia da Xunta sobre restriccións, sen que a Valdoviño se lle aplicase limitacións específicas, posto que a taxa de incidencia acumulada diminúe neste Concello.

12º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo rogos e preguntas

Sen ningún outro asunto a tratar , sendo as dez horas e vinte minutos a sesión remata e queda levantada polo Alcalde- Presidente , e coma Secretaria, estendo a presente acta e DOU FE.

Documento asinado dixitalmente á marxe pola Secretaria Municipal e polo Alcalde